

## **INFORMACIÓN E INSTRUCIÓNS PARA A INVERSIÓN DE APELIDOS**

Pódena solicitar as persoas maiores de idade por simple declaración ante o/a encargado/a do Rexistro Civil do seu domicilio, e non producirá efectos mentres non se inscriba.

### **DOCUMENTOS QUE HAI QUE PRESENTAR:**

- Certificado literal de nacemento.
- Orixinal e fotocopia do DNI.
- Certificado ou volante de empadramento, expedido hai menos de tres meses.
- Se a persoa está casada: certificado literal de matrimonio.
- Se ten fillos: certificado de nacemento destes.

**A Resolución do 13 de xuño de 2002 da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado establece que a facultade de inverter os apelidos, que concede o artigo 109 do Código Civil aos maiores de idade, é unha facultade que se concede por unha soa vez, de modo que logo de exercida non cabe deixala sen efecto nin obter a desinversión dos mesmos.**